

Marina Núñez Orjales, Secretaria do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 6 de abril de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"4.- SUBVENCIONS"

4.1.- Concesión subvención nominativa a Bergantiños FC para o financiamento da actividade "Bergantiños FC: participación en competicións deportivas federadas 2026" e aprobación do Convenio.

ANTECEDENTES.

O Concello de Carballo, de acordo ós principios xerais que seguirán as diferentes administracións para o fomento da práctica do deporte segundo o artigo 4 da Lei do Deporte de Galicia, e en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como pilar básico para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir ca encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte.

A Base de Execución vixésima novena, apartado dous, do Orzamento Xeral para 2026 do Concello de Carballo, dita que "No exercicio 2026, conforme ó establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polo importe máximo que se indica" figurando, entre outras a seguinte:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario / Actividade	Importe
3410.48901	Bergantiños Club De Fútbol	70.000,00 €

A entidade "Bergantiños F.C." (G15116775) é unha asociación deportiva sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia con n.º C00359 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 78, e que promove actividade relacionada ca modalidade deportiva do fútbol no ámbito do Concello de Carballo.

En data 11/03/2026 (Nº Rxtro. Entrada 202699900001720), "Bergantiños F.C." realiza a petición de colaboración económica do Concello de Carballo para realizar a actividade "Bergantiños F.C.: participación en competicións deportivas federadas 2026", incluíndo proxectos de actividade e orzamentos, entre outros.

Consta no expediente o informe da Intervención municipal de data 31/03/2026.

O concelleiro delegado de Deportes, Mocidade e Captación de Recursos Públicos, asina a proposta de acordo o día 31/03/2026 no expediente 2026/A004/000002.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

- Artigo 25.2.L da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Artigo 22.2.A da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Artigo 8 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo (BOP de A Coruña núm. 29 de 9 de febreiro de 2018).
- Bases de Execución do orzamento xeral para 2026 do Concello de Carballo.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2020/0001/000001

A Xunta de Goberno Local, a vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos citados, en uso das competencias que delegou a Alcaldía mediante a resolución número 2944/2025, do 13 de outubro (BOP nº 208 de 30/10/2025), por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar, con arranxo á base vixésima novena, apartado 2 das de Execución do Orzamento da Corporación para 2026 o outorgamento dunha subvención nominativa por importe de 70.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48901 á entidade "Bergantiños F.C." (G15116775) para a realización da actividade "Bergantiños F.C.: Participación en competicións deportivas federadas 2026".

SEGUNDO.- Aprobar o texto do "Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e Bergantiños F.C. (G15116775), correspondente á subvención nominativa outorgada para financiar a realización da actividade "Bergantiños F.C.: Participación en competicións deportivas federadas 2026", cuxo clausulado se transcribe a continuación, e proceder á súa formalización.

"Convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e o Bergantiños F.C.(Cif G15116775), correspondente á subvención nominativa outorgada para financiar a realización da actividade "Bergantiños F.C.: Participación en competicións deportivas federadas 2026".

En Carballo, o ____ de _____ de 2026, REUNIDOS D. Daniel Pérez López (DNI nº 79325499V), Alcalde do Concello de Carballo, e D. D. Luciano Calvo Pumpido (DNI nº 32374133T), Presidente de Bergantiños F.C., MANIFESTAN

Que ambas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Concello de Carballo, de acordo ós principios xerais que seguirán as diferentes administracións para o fomento da práctica do deporte segundo o artigo 4 da Lei do Deporte de Galicia, e en virtude das competencias establecidas no artigo 8 da mesma lei para os municipios, considera a colaboración co Asociacionismo Deportivo do ámbito territorial propio como pia básica para acadar un sistema deportivo participativo, amplo e diversificado e cumprir coa encomenda de fomento e protección do dereito ó coñecemento e á práctica do deporte.

Que Bergantiños F.C. é unha asociación deportiva sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións Deportivas de Galicia con nº C00359 e no Rexistro Municipal de Asociacións co número 78, e que promove actividade relacionada ca modalidade deportiva do fútbol no ámbito do Concello de Carballo.

En función das consideracións expostas, o Concello de Carballo e Bergantiños F.C., coa finalidade de determinar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo cas seguintes CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Concello de Carballo e o Bergantiños F.C. para financiar a realización da actividade "Bergantiños F.C.: Participación en competicións deportivas federadas 2026".

Estes consisten na participación de dezaseis (16) equipos nas respectivas competicións federadas ordinarias, e os adestramentos e partidos preparatorios e amigables inherentes ás mesmas, segundo o expresado no proxecto entregado por Bergantiños Fútbol Club e que a modo de resumo se expón na seguinte táboa, destacando a presenza de catro equipos femininos e doce equipos de categorías de base, que xuntan un número aproximado de trescentas nove (309) licenzas federativas correspondentes a deportistas, e trinta e seis (36) correspondentes a adestradores e persoal auxiliar. Duascentas sete (207) licenzas son de categorías base e setenta e dúas (72) femininas.

	Equipo	Competición Federada (Tempada en vigor á sinatura do convenio)
1	Bergantiños FC Sénior	2ª RFEF Gr. 1
2	Bergantiños FC Sénior B	3ª Futgal A Coruña Grupo 3
3	Bergantiños FC Sénior Feminino	3ª Div LGF Grupo 2
4	Bergantiño FC Sénior Femino B	3ª Federación de Fútbol Femino Grupo 1
5	Bergantiños FC Veteráns	2ª Galicia Santiago Grupo 2
6	Bergantiños FC Xuvenil A	Preferente Futgal Grupo 1º
7	Bergantiños FC Xuvenil B	1ª Futgal Grupo 1

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2026/G007/000007

	Equipo	Competición Federada (Tempada en vigor á sinatura do convenio)
8	Bergantiños FC Cadete A	Preferente Futgal Grupo 1
9	Bergantiños FC Cadete B	1ª Futgal Grupo 1
10	Bergantiños FC Cadete C	3ª Futgal A Coruña Grupo 3
11	Bergantiños FC Cadete D	3ª Futgal A Coruña Grupo 4
12	Bergantiños FC Infantil A	Preferente Futgal Grupo 1
13	Bergantiños FC Infantil B	1ª Futgal Grupo 1
14	Bergantiños FC Infantil C	2ª Futgal A Coruña Grupo único
15	Bergantiños FC Cadete Feminino	Liga Galega Cadete Feminina Grupo 2
16	Bergantiños FC Infantil Feminino	Liga Galega Infantil Feminina Grupo 2

A competición federada na que se compite é a existente á data de aprobación da subvención e pode experimentar variacións durante o ano 2026 en función de ascensos e descensos de categoría e non afectará ó presente convenio estando as actividades igualmente subvencionadas por este motivo.

Exclúense expresamente do obxecto da presente subvención as seguintes actividades:

- Fases de ascenso nas que participe o equipo "Bergantiños F.C. Sénior", entendendo como tales aquelas que se disputen especificamente como tales de xeito separado e independente á competición ordinaria da tempada en curso.

- Torneo Copa Excma. Deputación Da Coruña no que participen os equipos "Bergantiños F.C. Sénior" e "Bergantiños F.C. Feminino".

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Bergantiños F.C. desenvolverá as actividades programadas, segundo o definido na cláusula anterior, conforme ós seguintes orzamentos:

GASTOS		INGRESOS	
CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
Salario Bruto xogadores/adestradores/preparador físico equipo senior masculino.	231.589,00 €	Concello de Carballo.	70.000,00 €
Seguridade Social xogadores/adestradores / preparador físico equipo senior masculino.	75.859,00 €	Deputación Da Coruña.	25.000,00 €
Gastos desprazamentos:hoteis e manutención.	22.693,00 €	Real Federación Española de Fútbol: axuda desprazamentos 2025-26 (ano 2026)	6.000,00 €
Mutualidade	21.500,00 €	Real Federación Española de Fútbol: axuda desprazamentos 2026-27 (ano 2026)	6.000,00 €
Servizos Externos médico-sanitarios (Fisioterapia, material médico, preventivo)	11.577,00 €	Real Federación Española de Fútbol: axuda profesionalización 2025-26 (ano 2026)	35.500,00 €
Arbitraxes	56.890,00 €	Real Federación Española de Fútbol: axuda profesionalización 2026-27 (ano 2026)	35.500,00 €
Cuotas Deportivas Real Federación Galega de Fútbol	3.758,00 €	Real Federación Española de Fútbol: fomento fútbol base 2025-26 (ano 2026)	22.500,00 €
Cuotas Deportivas Real Federación Española de Fútbol	8.954,00 €	Real Federación Española de Fútbol: fomento fútbol base 2026-27 (ano 2026)	22.500,00 €
Material Deportivo non inventariable (Equipacións, camisetas adestramento, material...)	15.697,00 €	Real Federación Española de Fútbol: Cantera con valores 2025-26 (ano 2026)	4.259,14 €

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2026/G007/000007

GASTOS		INGRESOS	
CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de desprazamento en autobús ás competicións deportivas	22.560,00 €	Real Federación Española de Fútbol: Cantera con valores 2026-27 (ano 2026)	4.259,00 €
Avituallamentos en desprazamentos a competicións (bocadillos, froita, auga, etc.)	5.688,77 €	Real Federación Española de Fútbol: axuda desprazamentos feminino 2025-26 (ano 2026)	1.048,60 €
		Real Federación Española de Fútbol: axuda desprazamentos feminino 2026-27 (ano 2026)	1.048,60 €
		Real Federación Española de Fútbol: axuda participación feminino 2025-26 (ano 2026)	1.125,00 €
		Real Federación Española de Fútbol: axuda participación feminino 2026-27 (ano 2026)	1.125,00 €
		Xunta de Galicia / Abanca: convenio de patrocinio entre a Fundación Deporte Galego e a entidade Bergantiños F.C., para a tempada 2025/2026 - 1ª fase (con liña específica de patrocinio de Abanca) 2ª RFEF MASCULINO 2025-26 (ano 2026)	22.508,20 €
		Xunta de Galicia / Abanca: convenio de patrocinio entre a Fundación Deporte Galego e a entidade Bergantiños F.C., para a tempada 2026/2027 - 1ª fase (con liña específica de patrocinio de Abanca) 2ª RFEF MASCULINO 2026-27 (ano 2026)	22.508,20 €
		Estrella Galicia: tempada 2025-26 (ano 2026)	9.000,00 €
		Estrella Galicia: tempada 2026-27 (ano 2026)	9.000,00 €
		Estrella Galicia: tempada 2025-26 Complemento por clasificación (ano 2026)	2.000,00 €
		Corporación de Radio e Televisión de Galicia: Cesión á CORPORACIÓN RTVG, en exclusiva, por parte do CLUB dos dereitos que se especifican no pacto accesorio primeiro (1º) deste contrato, nos máis amplos termos sobre os encontros que o CLUB dispute no Campionato de Segunda División B (Segunda Federación, Grupo I). 2025-26 (ano 2026)	20.000,00 €
		Corporación de Radio e Televisión de Galicia: Cesión á CORPORACIÓN RTVG, en exclusiva, por parte do CLUB dos dereitos que se especifican no pacto accesorio primeiro (1º) deste contrato, nos máis amplos termos sobre os encontros que o CLUB dispute no Campionato de Segunda División B (Segunda Federación, Grupo I). 2026-27 (ano 2026)	20.000,00 €

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2020/0001/000001

GASTOS		INGRESOS	
CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
		Ingresos por publicidade	17.575,00 €
		Fundación Luís Calvo Sanz	55.759,03 €
		Socios Club	27.500,00 €
		Cuotas Equipos de Base tempada 25-26 (ano 2026)	11.500,00 €
		Cuotas Equipos de Base tempada 26-27 (ano 2026)	23.550,00 €
TOTAL	476.765,77 €	TOTAL	476.765,77 €

Na execución do orzamento poderase modificar a contía aplicada a cada concepto de gasto en función das propias necesidades de execución da actividade subvencionada, se ben se deberán respectar os conceptos de gasto definidos no mesmo.

III.- Financiamento do Concello de Carballo e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1. O Concello de Carballo contribuirá ó financiamento das actividades, tal como se define na cláusula primeira, cunha aportación máxima de 70.000,00 €, o que representa unha porcentaxe máxima do **14,69%**, debido ó interese social da actividade e a que vai dirixida a categorías base nunha importante porcentaxe e volume. En caso de que o gasto xustificado non acadara o importe total previsto na cláusula segunda (**476.765,77 €**), o Concello de Carballo só aportará o importe que represente o **14,69%** da cantidade efectivamente xustificada. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48901, do Orzamento Xeral do Concello de Carballo para 2026.

2. A subvención do Concello de Carballo é compatible ca percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

3. Non obstante, no caso de que a concurrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación municipal no importe necesario para darlle estricto cumprimento ó apartado anterior.

IV.- Obrigas derivadas da execución e Contratación da execución.

1. É obriga de Bergantiños F.C. cumprir co esixido na regulamentación sectorial de aplicación para a realización das actividades.

2. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou suministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Bergantiños F.C. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nen con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones.

3. No caso de que Bergantiños F.C. tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle ó Concello de Carballo un exemplar do proxecto modificado.

V.- Publicidade e financiación municipal.

1. Na publicidade pola que se dé a coñecer a realización das actividades subvencionadas, xa sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou redes sociais e similares, deberase facer constar o financiamento do Concello de Carballo.

2. Así, figurarán en lugar visible e destacado os logotipos do Concello de Carballo e de Carballo Deporte.

3. A vestimenta deportiva que se adquira para realizar as actividades subvencionadas deberá incluír os anagramas do Concello de Carballo e Carballo Deporte. Consultarase ó Servizo de fomento e programas deportivos a validación da ubicación, tamaño, etc. dos mesmos a elixir.

VI.- Pagamento.

- Unha vez asinado o presente convenio, realizarase un anticipo do 100% do total concedido.
- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira aportada na documentación de solicitude da subvención.

- En canto ó pagamento é de aplicación o establecido na cláusula IX.

VII.- Documentación Xustificativa.

Unha vez rematadas as actividades, Bergantiños F.C. deberá presentar a xustificación documental seguinte:

1. Memoria de actuación suscrita polo representante legal de Bergantiños F.C., xustificativa do cumprimento das condicións impostas no presente convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ó orzamento detallado na cláusula segunda.
3. Para os gastos de persoal indicárase para cada traballador/a e mes: a data, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade, así como a porcentaxe da xornada laboral de cada traballador/a que se lle impute á actividade que se está a xustificar.
4. Orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xanerio e o 31 de decembro de 2026.
5. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá extenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada polo Concello de Carballo.
6. Declaración de outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
7. Cadro-Balance das desviacións producidas sobre o orzamento previsto na cláusula II.
8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento do Concello de Carballo.

VIII.- Prazo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

As actividades que son obxecto de financiamento municipal, tal como están descritas na cláusula primeira rematarán o día 31 de decembro de 2026.

Unha vez rematadas as actividades, Bergantiños F.C. deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta con data límite de un mes dende a data do remate efectivo das actividades, que en calquera caso terá como data límite o 31 de xaneiro de 2027.

De conformidade con disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Ley de Subvenciones (Real decreto 887/2006, del 21 de julio), transcorrido este último prazo sin que se recibira xustificación algunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Bergantiños F.C. para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ó respecto.

IX.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. Bergantiños F.C. deberá estar ó día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e posteriormente, con carácter previo ó pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias ca Administración do Estado, ca Comunidade Autónoma, co Concello de Carballo e coa Seguridade Social.
2. O Concello de Carballo comprobará o cumprimento de ditas obrigas.

X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. Bergantiños F.C. destinará os fondos recibidos ó pago dos gastos xenerados pola actividade proxectada.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito o crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €.
3. Bergantiños F.C. deberá contar con un rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos ós gastos xustificados e ós ingresos declarados con respecto a esta subvención.

XI.- Control financeiro do Concello de Carballo e dos órganos de control externo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C

Praza do Concello S/N

Teléfono 981 70 41 00

www.carballo.gal

infocarballo@carballo.gal

15100 CARBALLO- A Coruña



Exp. 2020/0001/000001

O beneficiario deberá someterse ás actuacións de comprobación e control que os órganos competentes do Concello realicen, a través dos seus servizos técnicos, respecto do cumprimento dos seus compromisos, así como da aplicación dos fondos percibidos, aportando canta información sexa requirida. De igual forma quedarán sometidos ás actuacións que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia ou o Tribunal de Cuentas.

XII.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ó pago dos intereses de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ate o momento en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Se perxuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Ley 38/2003, del 17 de noviembre, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas

3. Se se produce retraso no prazo de xustificación e non excede de un mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por cento do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XIII.- Incorporación ó rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención a Bergantiños F.C.

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

O período de vixencia do presente convenio abarca o ano 2026 e rematará o 31 de decembro de 2026.

XV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Ley 38/2003, del 18 de noviembre, General de Subvenciones, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias desposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desa xurisdición, o coñecemento das cuestións litigiosas que poida xurdir a consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 6/04/2026.

E en proba de conformidade asinan exemplar do presente convenio en lugar e data indicados no encabezamento."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido este certificado coa reserva establecida no art. 206 do ROF, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, no Concello de Carballo, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.

V. e Pr.
O alcalde